

## ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS PARA POSIBLES COBERTURAS PUNTUAIS DE POSTOS EN CASO DE URXENTE NECESIDADE

### **PROCESO SELECTIVO:** LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS

Na sala de reunións do Concello de Rianxo, ás 09:30 h do día 30/03/2017, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a elaboración dunha lista de contratación temporal de AUXILIARES ADMINISTRATIVOS segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 626/2016 do día 09/12/2016 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 192/2017 do 13/03/2017, coa seguinte composición:

Presidente: Patricia Fernández Pérez  
Vocal: Rebeca Suárez Martínez  
Vocal: Francisco Javier Sieira Blanco  
Vocal: Ma José Fungueiriño Tubío  
Secretaria-Vocal: Patricia Sánchez Castelo

O presidente constitúe o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 10 de decembro de 2016 publícase nos dous diarios de maior difusión da Comarca a convocatoria de elaboración da antedita bolsa de contratación de persoal.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de cinco días hábiles tal e como establecen as bases e rematou o día 16/12/2016.

Terceiro: o tribunal da conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición:

1.-A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

2.-A proba consistirá na realización dun exame de 40 preguntas tipo test a realizar nun tempo máximo de 60 minutos, de coñecementos sobre o contido do programa que se xunta no Anexo I das bases. Ao non establecer nada nas bases ao respecto e, na orde de garantir a boa marcha do proceso, adóptanse por unanimidade os seguintes criterios:

- 1) Cada pregunta ten 4 respostas, das cales só unha é válida e as outras 3 non
- 2) Cada resposta correcta suma 0,25 puntos
- 3) Cada resposta errónea resta 0,125 puntos
- 4) As preguntas marcaranse cun símbolo X no cadro impreso no papel autocopiante
- 5)As respostas débense marcar con bolígrafo
- 6) Poderase levar o exame e o papel calcado coas respostas
- 7) Para superar a proba será necesario obter como mínimo a metade da puntuación máxima (5 puntos)

Todos este criterios entregaranse por escrito ás persoas aspirantes ao comezo do exercicio a xeito de instrucións de desenvolvemento das probas. Recordarase ademais, que a fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Logo disto publicarase no taboleiro de anuncios, no sitio web e na Sede electrónica municipal a listaxe

das persoas aspirantes que superen a oposición e, xunto con esta listaxe, publicarase o exame coas respostas.

O Tribunal reunirase de novo ás 08:00 horas do venres día 31/03/2017 no Auditorio de Rianxo, para elaborar o exame e facer a valoración global do proceso.

Distribúese entre todos os membros do tribunal a elaboración dunha batería ampla de preguntas entre as que, de xeito aleatorio, se escollerán as que formen parte do exame o mesmo día da súa realización.

Sen máis asuntos que tratar, ás 10.30 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende esta acta, que será subscriba polos membros do tribunal.